PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA

DOCUMENTO ADAPTADO Á ORDE DO 29 DE NOVEMBRO DO 2019 DE APROBACIÓN DEFINITIVA

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CON

TOMO VIII

DOCUMENTO DE CONTESTACIÓN Á ORDE DO 29 DE NOVEMBRO DO 2019 DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Calixto Escariz S.L.U.

Xaneiro 2020

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

INFORME DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS CONTIDAS NA ORDE DE 29/11/2019 DA CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO P.X.O.M. DE RIBADAVIA

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

1. INTRODUCIÓN.

O presente documento ten como obxecto dar resposta á Orde de data 29 de novembro de 2019 ditada Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, que resolve outorgar a aprobación definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribadavia, obrigando ao cumprimento dunha serie de condicións e á realización dun documento refundido do P.X.O.M. aprobado definitivamente.

Debe sinalarse que, toda vez que a empresa encargada dos traballos de elaboración do P.X.O.M. de Ribadavia, "Consultora Galega, S.L.", foi disolta en virtude de Auto do Xulgado do Mercantil Nº 1 de Pontevedra, en data 27/08/2018, a elaboración do documento refundido do P.X.O.M. de Ribadavia aprobado definitivamente pola Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio foi contratado á empresa "Calixto Escariz , S.L.U.", integrando o seu equipo redactor o seguinte, tal e como se recolle na Memoria Xustificativa do texto refundido do P.X.O.M. de Ribadavia:

- Dirección xeral e xurídica do equipo:
  - Calixto Escariz Vázquez. Avogado.
- Dirección técnica:
  - Diego Rodríguez Enríquez. Arquitecto.
- Equipo técnico:
  - <u>Parte técnica, planimetría e cartografía:</u>
    Patricia Nespereira Sáez. Arquitecta.
    Jorge Dacosta Tapia. Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos.
  - <u>Traballos xurídicos:</u>
    Belén Romero López. Avogada.
    Eva Comesaña Bastero. Avogada.
    Jesús Barreiro Varela. Avogado.
    Marina Otero Bouzada. Licenciada en Económicas.

Así pois, e seguindo a estrutura da Orde emitida por esa Conselleira, procédese a xustificar o cumprimento das referidas condicións integradas dentro do documento refundido do P.X.O.M. de Ribadavia segundo se expón no seguinte apartado.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

2. CONDICIÓNS CUMPRIMENTADAS.

> **II.I TRAMITACIÓN**
>
> A D.T.2.ª.1) da LSG dispón que os plans aprobados provisionalmente antes da entrada en vigor desa lei poderán continuar a súa tramitación ata a súa aprobación definitiva a teor do disposto na LOUG.
>
> En relación aos informes sectoriais preceptivos, detéctase as seguintes deficiencias:
>
> - Na ficha do UNDI-3, deberá incorporarse a condición imposta no informe do ministerio de Fomento do 03.07.2019

A condición imposta no informe do Ministerio de Fomento de data 03/07/19, referida a que para o desenrolo do UNDI-3 é necesario a clausura do acceso mais preto á glorieta da marxe dereita do enlace 252 da autovía A-52, xa fora recollida no apartado 1.d) do artigo 9.3.3. da Normativa Urbanística, incorporándose agora tamén dita previsión á ficha do ámbito.

Imaxe dos planos a escala 1/1000 da zona modificada.

SISTEMA DE ACTUACIÓN — COMPENSACIÓN

OBSERVACIÓNS:

- Deberanse establecer as medidas concretas para a redución da contaminación acústica que poidan ser de aplicación xeral ou concreta sobre o presente ámbito, en cumprimento do recollido no artigo 5.2.5 CONTAMINACIÓN ACÚSTICA E VIBRATORIA (e sobre todo nos seus puntos 3 e 4) do presente PXOM.
- Analizados os niveis sonoros Ld, Le, Ln e Lden dos estudos feitos a tal efecto das infraestrututas N-120 e A-52 ete ámbito se ve afectado por algún o varios destes niveis de inmisión de ruído, polo tanto deberase fecer un estudo concreto para paliar eses efectos e tomar medidas oportunas para a súa redución.

No informe de Fomento de data 03/07/2019 imponse a seguinte condición ao desenvolvemento do ámbito UNDI-3:

No ámbito do UNDI-3 imponse como condición de desenvolvemento do mesmo a clausura do acceso máis cercano á glorieta da marxe dereita do enlace 252 da autovía A-52.

Imaxe da zona da ficha do ámbito do UNDI-3. Onde se recollen as observación indicadas

> - O PXOM tamén deberá incorporar as determinacións esixidas polos informes do Ministerio de Energía, Turismo y Agenda Digital.

O Ministerio de Energía, Turismo y Agenda Digital emitíu un primeiro informe desfavorable en data 15 de febreiro de 2018 e, posteriormente ao mesmo, informe favorable de data 26 de marzo de 2018, tras o compromiso de incorporar os cambios que se lle xustificaron ao P.X.O.M. e os cales xa se contiñan no documento aprobado provisionalmente polo Pleno do Concello de Ribadavia en data 29 de setembro de 2019.

Os referidos cambios responden aos sinalados no apartado ***1) OBSERVACIONES DE CARÁCTER PARTICULAR*** do informe de data 15/02/18:

a) Limitacións para efectuar despregues aéreos ou apoiándose nas fachadas das edificacións.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

- Art. 4.5.11.1, 4.7.10.7 na súa referencia ao art. 58 e art. 4.9.3.d. das NU: Eliminouse a prohibición relativa á imprantación de redes aéreas, establecendo o soterramento como recomendable e sen perxuizo das limitacións a tal respecto estabrecidas pola lexislación urbanística, ao contemplarse no art. 43.5 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo e Urbanismo de Galicia, que:

"5. O planeamento poderá prohibir os tendidos aéreos e prever o soterramento dos existentes. En todo caso, ***haberán de soterrarse as redes de servizos dos novos desenrolos residenciais e terciarios****".*

.- Sendo a redacción anterior do art. 4.5.11.1.:

"*4.5.11.DOTACIÓN DE SERVIZOS POSTAIS E DE COMUNICACIÓNS.*

1. Tódolos edificios deberán cumpri-lo RICT e a normativa específica aplicable, con previsión de acometida e rede interior de distribución de telecomunicacións, e os residenciais nas condicións indicadas nas NHV.

As instalacións de telecomunicacións non poderán situarse nas fachadas, que deberán quedar libres de instalacións e tendidos. Corresponderá á compañía subministradora que as acometidas sexan soterradas."

.- A redacción resultante do art. 4.5.11.1. queda como segue:

"*4.5.11.DOTACIÓN DE SERVIZOS POSTAIS E DE COMUNICACIÓNS.*

1. Tódolos edificios deberán cumpri-lo RICT e a normativa específica aplicable, con previsión de acometida e rede interior de distribución de telecomunicacións, e os residenciais nas condicións indicadas nas NHV.

Recoméndase o soterramento das novas instalacións de telecomunicacións. A nova instalación e a substitución ou ampliación de redes de servizos, efectuarase preferentemente mediante canalización subterránea, sen perxuizo das limitacións establecidas na normativa urbanística autonómica que resulte de aplicación, sempre que sexa técnica e económicamente viable."

.- Sendo a redacción anterior do art. 4.7.10.7.:

"*4.7.10.PROTECCIÓN XERAL DAS EDIFICACIÓNS E CONDICIÓNS TIPOLÓXICAS.*

4.7.10.7. Condicións excepcionais aplicables na zona de respecto do Casco Histórico de Ribadavia.

Aplicaranse neste ámbito delimitado en planos as condicións estéticas que establece o PEPRI do Casco Histórico de Ribadavia, segundo as condicións de protección que se establecen no art. 90 da normativa do citado PEPRI, e que se transcriben literalmente a continuación a título indicativo:

TITULO VII.- CONDICIÓNS ESTÉTICAS

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Artigo 58.- SUPRESIÓN DE CABLES E ANTENAS

Tódolos cables e canalizacións que se executen con posterioridade á aprobación do Plano Especial deberán aloxarse en condición enterradas.

Os proxectos de urbanización relativos á mellora dos pavimentos, con reparación ou reposición destes, deberán recoller a supresión de cables e antenas, co fin de conseguir, progresivamente, a súa total eliminación.

En tanto non se executen as correspondentes canalizacións para transmitir sinais de televisión mediante cable subterráneo, admítese a instalación provisional de antenas exclusivamente na cuberta da edificación e con servizo a todo o inmoble (instalación colectiva), non permitíndose, en ningún caso a disposición de antenas parabólicas en cores rechamantes nin visibles desde a rúa; para isto todas as antenas tratarán de situarse na vertente de cuberta posterior."

.- A redacción resultante do art. 4.7.10.7. queda como segue:

"*4.7.10.PROTECCIÓN XERAL DAS EDIFICACIÓNS E CONDICIÓNS TIPOLÓXICAS.*

4.7.10.7. Condicións excepcionais aplicables na zona de respecto do Casco Histórico de Ribadavia.

Aplicaranse neste ámbito delimitado en planos as condicións estéticas que establece o PEPRI do Casco Histórico de Ribadavia, segundo as condicións de protección que se establecen no art. 90 da normativa do citado PEPRI, e que se transcriben literalmente a continuación a título indicativo, ***agás a referencia ao artigo 58, remitíndonos ao artigo 4.5.11.1 destas normas para a regulación dos cables e antenas*** *: (…)*

(SUPRÍMESE DA REDACCIÓN O ART.58)

.- Sendo a redacción anterior do art. 4.9.3.d.:

"4.9.3. REDES DE ENERXÍA ELÉCTRICA E TELECOMUNICACIÓNS.

d) Tendido de liñas de telecomunicacións e telefonía e liñas eléctricas de baixa tensión ou alumeado.

Nos solos clasificados como Núcleos Urbanos ou Rurais, nos ámbitos de nova urbanización (artigo 48.6 da LOUG) e nos ámbitos de protección de elementos catalogados ou en Plans Especiais de Protección, será obrigado o soterramento das liñas de: telecomunicacións, telefonía e as de alumeado público ou eléctricas de baixa tensión (aínda que non se consideren sistemas xerais) para todas as que se constrúan deica en diante, atendendo as cuestións de detalle por clases de solo que se indican no capítulo 4.11 a respecto de cada tipo de instalación. As xa existentes que incumpran este requisito deberán adaptarse (polo menos nas zonas tradicionais dos núcleos rurais, e nos cascos históricos ou nos Plans Especiais de protección en núcleos urbanos ou rurais) preferentemente antes de 5 anos desde a aprobación deste PXOM, ben procedendo ao

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

soterramento, ben modificando o seu trazado para cumprir coa esixencia ou establecendo os acordos precisos (tanto económicos, como de prazos) coa compañía subministradora."

.- A redacción resultante do art. 4.9.3.d.queda como segue:

"4.9.3. REDES DE ENERXÍA ELÉCTRICA E TELECOMUNICACIÓNS.

d) Tendido de liñas de telecomunicacións e telefonía e liñas eléctricas de baixa tensión ou alumeado.

Nos solos clasificados como Núcleos Urbanos ou Rurais, nos ámbitos de nova urbanización (artigo 48.6 da LOUG) e nos ámbitos de protección de elementos catalogados ou en Plans Especiais de Protección, será obrigado o soterramento das liñas de alumeado público ou eléctricas de baixa tensión (aínda que non se consideren sistemas xerais) para todas as que se constrúan deica en diante, atendendo as cuestións de detalle por clases de solo que se indican no capítulo 4.11 a respecto de cada tipo de instalación. As xa existentes que incumpran este requisito deberán adaptarse (polo menos nas zonas tradicionais dos núcleos rurais, e nos cascos históricos ou nos Plans Especiais de protección en núcleos urbanos ou rurais) preferentemente antes de 5 anos desde a aprobación deste PXOM, ben procedendo ao soterramento, ben modificando o seu trazado para cumprir coa esixencia ou establecendo os acordos precisos (tanto económicos, como de prazos) coa compañía subministradora.

Nos mesmos solos para as liñas de telecomunicacións e telefonía recomendase o seu soterramento, sendo que a nova instalación e a substitución ou ampliación de redes de servizos efectuarase preferentemente mediante canalización subterránea sempre que sexa técnica e económicamente viable, sen perxuizo das limitacións establecidas na normativa urbanística autonómica que resulte de aplicación."

b) Referencias á lexislación sectorial de telecomunicacións.

No documento "Normativa", subsanáronse as referencias contidas no art. 4.11.7 á lexislación incorrecta en materia de telecomunicacións, substituíndoas pola referencia á Lei 9/2014, de 9 de maio, o Real Decreto-Lei 1/1998, de 27 de febreiro, sobre infraestructuras comúns nos edificios para o acceso aos servizos de telecomunicación, o seu Regulamento, aprobado mediante Real Decreto 346/2011, de 11 de marzo, e a Orde ITC/1644/2011, de 10 de xuño.

.- Sendo a redacción anterior do art. 4.11.7:

"4.11.7.REDES DE TELEFONÍA E TELECOMUNICACIÓNS.

Condicións básicas.

Tódalas instalacións de telecomunicación cumprirán o establecido nos seus respectivos regulamentos e lexislación (principalmente a Lei 32/2003 Xeral de Telecomunicacións), adaptándose ás condicións particulares que establecen as Empresas Subministradoras destes servizos en cada zona (cumpríndose en todo caso o disposto no artigo 26 da devandita lei), as que establece o

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

presente PXOM no artigo 4.9.3, e atendendo en todo caso ás disposicións da citada Lei 32/2003 para garantir unha competencia efectiva e a non discriminación dos distintos operadores.

Condicións de deseño.

Por regra xeral tenderase ao soterramento das instalacións de telecomunicación por cable de todo tipo, sobre todo nas zonas máis urbanizadas ou de urbanización prevista (nestes casos obrigado polo artigo 48.6 da LOUG), establecéndose polo tanto a obriga de realizar a instalación soterrada precisa para o posterior soterramento das conducións novas ou das existentes, en todos os proxectos ou obras de urbanización (e naquelas obras xerais ou parciais de reparación ou de substitución de pavimentos –que permitan realizar doadamente os foxos precisos para o soterramento das conducións- aínda que o tendido do cable non se leve a cabo nese intre) que se realicen desde a aprobación do presente PXOM, atendendo ás condicións establecidas no artigo 4.9.3. Exceptuarase desta obriga os mesmos casos concretos que se relacionan nos artigos anteriores para as liñas eléctricas."

.- A redacción resultante do art. 4.11.7 queda como segue:

"4.11.7.REDES DE TELEFONÍA E TELECOMUNICACIÓNS.

Condicións básicas.

Tódalas instalacións de telecomunicación cumprirán o establecido nos seus respectivos regulamentos e lexislación (principalmente a ***Lei 9/2014, de 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións, o Real Decreto-Ley 1/1998, de 27 de febreiro, sobre infraestructuras comúns nos edificios para o acceso aos servizos de telecomunicación, o seu Regulamento, aprobado mediante Real Decreto 346/2001, de 11 de marzo, e a Orde ITC/1644/2011, de 10 de xuño)****, adaptándose ás condicións particulares que establecen as Empresas Subministradoras destes servizos en cada zona (cumpríndose en todo caso o disposto na devandita lei), as que establece o presente PXOM no artigo 4.9.3, e atendendo en todo caso ás disposicións da citada* ***Lei 9/2014*** *para garantir unha competencia efectiva e a non discriminación dos distintos operadores.*

Condicións de deseño.

Por regra xeral tenderase ao soterramento das instalacións de telecomunicación por cable de todo tipo, sobre todo nas zonas máis urbanizadas ou de urbanización prevista (nestes casos obrigado polo artigo 48.6 da LOUG), establecéndose polo tanto a obriga de realizar a instalación soterrada precisa para o posterior soterramento das conducións novas ou das existentes, en todos os proxectos ou obras de urbanización (e naquelas obras xerais ou parciais de reparación ou de substitución de pavimentos –que permitan realizar doadamente os foxos precisos para o soterramento das conducións- aínda que o tendido do cable non se leve a cabo nese intre) que se realicen desde a aprobación do presente PXOM, atendendo ás condicións establecidas no artigo 4.9.3. Exceptuarase desta obriga os mesmos casos concretos que se relacionan nos artigos anteriores para as liñas eléctricas."

II.2 CLASIFICACIÓN E DETERMINACIÓNS NAS DISTINTAS CLASES DE SOLO

II.2.1 Solo urbano

1. Atendendo á información recollida no propio PXOM, non se acredita que a parte das áreas de reparto R9 e R12, fóra da actual delimitación do solo urbano do núcleo de Ribadavia, reúnan os requisitos para seren clasificadas como solo urbano, de acordo co disposto no artigo 11 da LOUG.

Nos ámbitos de solo urbano sinalados (R-9 e R-12) incorpórase tanto na documentación gráfica de ordenación do PXOM así como na fichas dos mesmos a situación de suspenso na que se atopan, segundo o recollido na Orde de 29 de novembro do 2019 de Aprobación Definitiva.



Imaxe do ámbito R-9 coa lenda que indica que se atopa en suspenso.

OBSERVACIÓNS:

- Deberanse resolver como parque os espazos de contorno da capela de San Lázaro e os accesos viarios ao Centro de Saúde.
- Nos viais que entronquen con estradas de titularidade autonómica non se poderán prever xiros á esquerda en tanto non se realice un proxecto que reorganice o tráfico das diferentes travesías.
- O desenvolvemento urbanístico do ámbito deberá contar co informe previo da Consellería de Cultura, segundo se recolle no artigo 32 da Lei 8/1995.
- Os espazos libres emprzaranse na parte do ámbito delimitado máis próxima aos elementos protexidos do catálogo.
- As edificabilidades propostas serán semellantes ás existentes no ámbito onde se emprazan o polígono e o elemento protexido no catálogo que estea afectado, evitando deste xeito a aparición de tipoloxías edificatorias alleas. Neste senso as vivendas acaroadas ou colectivas que se propoñan nos criterios de ordenación das fichas, disporanse na parte do ámbito máis afastada dos elementos protexidos e sempre en relación co tecido urbano consolidado circundante.
- Deberanse establecer as medidas concretas para a redución da contaminación acústica que poidan ser de aplicación xeral ou concreta sobre o presente ámbito, en cumprimento do recollido no artigo 5.2.5 CONTAMINACIÓN ACÚSTICA E VIBRATORIA (e sobre todo nos seus puntos 3 e 4) do presente PXOM.
- O ámbito atópase en suspenso segundo o recollido na Orde do 29 de Novembro do 2019 de Aprobación Definitiva.

Apartado de observacións do ámbito R-9 onde se reflicte tamén a devandita suspensión.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO



Imaxe do ámbito R-12 coa lenda que indica que se atopa en suspenso.

OBSERVACIÓNS:

- Deberanse resolver como parque os espazos de contorno do Cemiterio de San Lázaro.
- O desenvolvemento urbanístico do ámbito deberá contar co informe previo da Consellería de Cultura, segundo se recolle no artigo 32 da Lei 8/1995.
- Os espazos libres emprazaranse na parte do ámbito delimitado máis próxima aos elementos protexidos do catálogo.
- As edificabilidades propostas serán semellantes ás existentes no ámbito onde se emprazan o polígono e o elemento protexido no catálogo que estea afectado, evitando deste xeito a aparición de tipoloxías edificatorias alleas. Neste senso as vivendas acaroadas ou colectivas que se propoñan nos criterios de ordenación das fichas, disporanse na parte do ámbito máis afastada dos elementos protexidos e sempre en relación co tecido urbano consolidado circundante.
- Deberanse establecer as medidas concretas para a redución da contaminación acústica que poidan ser de aplicación xeral ou concreta sobre o presente ámbito, en cumprimento do recollido no artigo 5.2.5 CONTAMINACIÓN ACÚSTICA E VIBRATORIA (e sobre todo nos seus puntos 3 e 4) do presente PXOM.
-O ámbito atópase en suspenso segundo o recollido na Orde do 29 de Novembro do 2019 de Aprobación Definitiva.

Apartado de observacións do ámbito R-12 onde se reflicte tamén a devandita suspensión.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

2. Existen áreas de solo urbano consolidado nas que se prevé a apertura de novos viarios, a transformación en rúas dos camiños existentes ou a delimitación de terreos que non teñen a condición de soar nin a poden acadar con obras de escasa entidade realizables simultaneamente coa edificación, así como terreos urbanizados ao marxe do planeamento ou que carecen dos servizos e a consolidación esixibles, polo que de acordo co artigo 12.b) da LOUG deben ser clasificados como solo urbano non consolidado ou prever as correspondentes actuacións illadas reflectidas nos documentos do plan (planos, estratexia e estudio económico):
   - Núcleo de San Cristovo:
     - na área de reparto R-15, deberá incluírse a fronte do polígono lindeira coa rúa Campo de Fútbol e ata a conexión coa estrada OU-504
   - Núcleo de Ribadavia:
     - terreos ao sur da estrada Ribadavia-Francelos con ordenanza ES-2 e ES-3, nos que se prevé a apertura de novos viarios e onde sería necesario prever as correspondentes actuacións illadas ou eliminalos.
     - ao Norte de Francelos, a vía con rotonda prevista ao Leste do camiño Lucía deberá ser eliminada ou prever a correspondente actuación illada.

-No caso da área de reparto R-15 en San Cristovo procedeuse a incluír como solo urbano non consolidado, dentro da mesma, toda a fronte do viario previsto ata a estrada autonómica, tal e como se solicitaba.



Imaxe da ficha do ámbito R-15.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

-Nos terreos situados ao sur da estrada que une Ribadavia con Francelos eliminaronse as aliñacións daqueles camiños de acceso as parcelas onde serían precisas actuación illadas para a apertura de rúas en solo urbano, as cales a día de hoxe non se contemplan, manténdose o viario público pavimentado xa existente.



Imaxe cara o leste, nos planos a escala 1/1000, da zona situada ao sur da estrada entre Francelos e Ribadavia.



Imaxe cara o oeste, nos planos a escala 1/1000, da zona situada ao sur da estrada entre Francelos e Ribadavia.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

-No caso da vía con rotonda proposta, anteriormente situada ao norte de Francelos, foi eliminada da ordenación do PXOM.



Imaxe dos planos a escala 1/1000 da zona modificada.

> 3. Na ordenación do solo urbano, cómpre eliminar da ordenanza El a salvidade referida aos usos preexistentes no Núcleo de San Paio, onde só se admitirán os graos 1 e 2 .

No documento "Normativa" do P.X.O.M. de Ribadavia aprobado provisionalmente polo Pleno do Concello en data 29 de setembro de 2019, xa aparece eliminada no artigo 6.2.4., apartado 4, a referencia aos usos preexistentes, sendo que a confusión debeuse a que o Informe de subsanación elaborado polo equipo redactor que contiña a explicación da modificación do artigo, por erro, contiña unha imaxe da redacción antiga do artigo e non da modificada.

> **II.2.2. Solo de núcleo rural**
>
> Ao abeiro do establecido nas determinacións 3.1.10 e 3.1.11 das DOT, deberán eliminarse as zonas de núcleo rural común vacantes ao Leste do NR-06 Ventosela.

Tal e como se solicitaba, as zonas de solo de núcleo rural común situadas ao leste de Ventosela (NR-06) foron eliminadas.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO



Imaxe da ficha de núcleo rural de Ventosela (NR-06) modificada.

II.3 OUTRAS OBSERVACIÓNS

Deberá refundirse a documentación técnica achegada dende o 03.08.2018 nos sucesivos envíos do concello. A última versión do PXOM (rexistro entrada do 20.08.2019) non inclúe as fichas dos núcleos rurais nin as fichas dos ámbitos de desenvolvemento.

Ao obxecto de dar cumprimento ao recollido na orde elaborouse o presente documento refundido, que inclúe as dúas follas das fichas de cada un dos núcleos rurais (como anexo á memoria informativa no Tomo II das memorias de información) e as dos ámbitos de desenrolo como anexo ao documento da normativa (Tomo III das memorias de ordenación).

Asinado:

Calixto Escariz Vázquez.

Director do Equipo Redactor do PXOM de Ribadavia.